



Convenio de Adhesión
Rede Galega de Teatros e Auditorios 2017 (1º semestre)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *Director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou con Javier Jorge Castiñeira, representante do **Concello de Foz** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 02 de xaneiro ata o 13 de maio de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

a realización do programa de actuacións nas datas de referencia, que se deberán desenvolver na Sala Bahía de Foz e nas condicións especificadas no presente convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamentan no seguinte:

Unha das funcións de Agadic, segundo súa normativa de creación aprobada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, é fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios mediante un programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

